

CANGAS 1

Nacer é dunha causa.
Vivir é doutra cousa.

E de Melide a Cangas hai un treito
de anos e de historia que se pronuncia
nos corredores da solaina, eirados
da pedra e da palabra.
E vivo en residente nesta beira
do mar que chega, bica e vaise en nova
singradura do adentro, por de fóra
cabo de lonxe e sempre arromba e volve...

E sei dos nomes da paisaxe en soño
dos andares: nacencia e acubillo.
Acordo e sinto os ecos do profundo
no mencer que me asubía por *Síngulis*,
Berbetaña, *os Loureiros*, *o Costal*,
a Torre do Galo, *rúa do Sol*,
a Faixa e *o Derribo*, *Outeiro*...e vou
minúsculo cos ollos do mencer
cara ao *Sinal* e o *Forte*.

E velaivai quen chega *dende a terra*
do medio e soña e bebe no seu mar
de xuventude pra dicir *Rodeira*
coma un bico de arao e de gaivota
na praia máis cumprida

xosé vázquez pintor
primavera, 2010